



CONCELLO DE REDONDELA

Resolución da Alcaldía

Expte nº: 1173/2022

Procedemento: Contratacións

Título: Subministración de luminarias led para iluminación pública exterior en varias parroquias do termo municipal de Redondela

Responsable: Contratación.mgm

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a proposta da Concellería de Vías e Obras, de data 25.03.2022 , que se transcribe de seguido:

“Actualmente parte da iluminación exterior pública nas parroquias do termo municipal de Redondela esta composto de luminarias de vapor de sodio cunha antigüidade de mais de trinta anos, presentando un gran deterioro co correspondente perigo de desprendemento, provocando ademais a necesidade dunha grande dedicación e inversión de tempo nas continuas reparacións e mantemento por parte do Servizo Eléctrico municipal, polo que, tras a análise das necesidades manifestadas por este, resulta necesario adquirir luminarias con lámpadas LED cos seus correspondentes brazos rectos, para a substitución das actuais, respectando a instalación existente dos correspondentes soportes das luminarias, dentro das competencias que, conforme ao artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), lle corresponden a todos os municipios en prestación de servizos de iluminación pública.

Para os efectos de contratar esta subministración, á vista das prescricións da lexistación contractual, esta Concellería, PROPÓN

Primeiro.- Acudir á tramitación dun expediente de contratación da Subministración de luminarias led para iluminación pública exterior en varias parroquias do termo municipal de Redondela, mediante procedemento aberto simplificado, previsto no artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de Novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o prego de prescricións técnicas redactado e asinado electronicamente con data 23.03.2022 polo enxeñeiro técnico industrial que presta servizos para o Concello Marcial González Pillado, por un importe máximo de **68.600,00 euros, máis o de IVE do 21% por importe de 14.406,00 euros, o que fai un **total de 83.006,00 euros.****

Segundo.- Solicitar acreditación documental de Intervención relativa á existencia de crédito para o referido contrato.

Terceiro.- Que se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares polo servizo correspondente.”

Lida a memoria xustificativa-Informe de necesidade asinada pola Alcaldía, como órgano de contratación, e polo concelleiro de Vías e Obras con data 25.03.2022.

Visto o certificado da Intervención municipal, de data 28.03.2022, acreditativo da existencia de crédito definitivo por importe de 83.006,00 euros na aplicación 1651A/6090001 do estado de gastos do orzamento do Concello vixente.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 4DRJXZ2FR44STMIF92PAMQXYE | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



CONCELLO DE REDONDELA

Esta Alcaldía, ao abeiro das competencias que lle confire a lexislación vixente,

RESOLVE

Primeiro.- Iniciar o expediente para contratar a **Subministración de luminarias led para iluminación pública exterior en varias parroquias do termo municipal de Redondela**, mediante **procedemento aberto simplificado** previsto no artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de Novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o prego de prescricións técnicas redactado e asinado electronicamente con data 23.03.2022 polo enxeñeiro técnico industrial que presta servizos para o Concello Marcial González Pillado, e cun orzamento que ascende a **68.600,00 euros, máis o de IVE do 21%** por importe de 14.406,00 euros, o que fai un **total de 83.006,00 euros**, e en función de que a adxudicación recaia no licitador que faga a mellor oferta, tendo en conta os criterios que se establezan nos pregos de cláusulas administrativas particulares, e sen prexuízo do dereito da administración de declarar deserto o procedemento.

Segundo.- Incorporar ao expediente:

- Certificado de existencia de crédito.
- Memoria xustificativa-Informe de necesidade.
- Acreditación documental da Intervención da existencia de crédito.
- Prego de cláusulas administrativas particulares.
- Informe de Secretaría.
- Informe de Intervención.

Terceiro.- Designar como funcionaria encargada da tramitación do expediente a secretaria xeral do concello, M.^a Ángeles García Villaverde.

Documento datado e asinado electronicamente á marxe

